



A Fontaneira – A Fontaneira (Santiago) – Baleira, 1981-02  
**Informante:** Florencio López Fernández, “o Cego dos Vilares” (66)  
**Compiladora:** Dorothé Schubarth  
**Transcrición:** Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

IV 9

Señora María,  
do Val de Viveiro  
quer casala filla  
con un zapateiro  
*cau carrau cau.*

*Morran demos  
que mandou o rei  
que nos presentemos  
cau carrau cau.*

Señora María,  
reprenda o seu galo  
que da miña pola  
anda namorado  
*cau carrau cau.*

*Morran demos  
que mandou o rei  
que nos presentemos  
cau carrau cau.*

Xa casou a filla  
no mes de xaneiro  
e ta mui contenta  
co seu zapateiro  
*cau carrau cau.*

I o seu zapateiro  
ta con alegría  
que dentro de nada  
aumenta a familia  
*cau carrau cau.*

Mulleriña miña  
dígocho primeiro  
que se vén o neno  
ha ser zapateiro  
*cau carrau cau.*

- Pois bailaban agarrado.
- Agarrado?
- É parecido a un pasacalle, é unha cousa seguida, si. Despois había...
- Eso non é un canto de pandeiro?
- Máis ben, máis ben, máis ben ca outra cousa.



- Ah, bueno. Eso quería saber, está ben.
- Si señora.
- E dese tipo de cántigas había máis?
- E... que sei eu! Habería algunha máis, pero... (...) Hai que me deixar esgarrafexar. (...)

... beber sen pagar  
muito me estabas debendo  
que si por uno se pagara  
nin me debes nin te debo.

*Quero bailar.*

“Cantade nenas cantade  
por que non cantades todas.”  
“Unhas porque non sabemos  
outras porque son señoras.”

*Quero bailar.*

*I 294a*

Nenas que ides con ganado  
levai a miña marela  
queda na corte berrando  
por unha ghavea de herba.

*Quero bailar.*

Nena que estás na ventá  
ca punta do pano fóra  
aínda non che vin a cara  
o pano xa me namora.

*Quero bailar.*